

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

6940 *Real decreto 419/2015, do 29 de maio, polo que se modifica o Real decreto 368/2005, do 8 de abril, polo que se regula o control oficial do rendemento leiteiro para a avaliación xenética nas especies bovina, ovina e caprina, e o Real decreto 233/2002, do 1 de marzo, polo que se regula o recoñecemento das agrupacións de produtores de plantas vivas e produtos da floricultura e se establecen medidas de apoio á súa constitución e funcionamento.*

Mediante o Real decreto 368/2005, do 8 de abril, polo que se regula o control oficial do rendemento leiteiro para a avaliación xenética nas especies bovina, ovina e caprina, establecéronse axudas para subvencionar os custos que xeren as actividades do control leiteiro oficial.

Nestes momentos, é preciso adaptar a citada regulación ás novas normas da Unión Europea en materia de axudas ao sector agrario, en concreto ao Regulamento (UE) n.º 702/2014 da Comisión, do 25 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda nos sectores agrícola e forestal e en zonas rurais compatibles co mercado interior, en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.

As axudas para o control leiteiro canalízanse a través dos centros autonómicos de control leiteiro. Os beneficiarios últimos son os gandeiros, que son os que reciben a axuda baixo a forma de servizos subvencionados prestados por terceiros e nunca como pagamentos directos en efectivo aos produtores, de acordo co previsto no artigo 27.2 do Regulamento (UE) n.º 702/2014 da Comisión, do 25 de xuño de 2014.

Finalmente, dado que non se vai proceder, por motivos orzamentarios, á asignación de créditos para as axudas previstas no Real decreto 233/2002, do 1 de marzo, polo que se regula o recoñecemento das agrupacións de produtores de plantas vivas e produtos da floricultura e se establecen medidas de apoio á súa constitución e funcionamento, procede derrogar os seus artigos 5, 6, 7 e 8.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades máis representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de maio de 2015,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 368/2005, do 8 de abril, polo que se regula o control oficial do rendemento leiteiro para a avaliación xenética nas especies bovina, ovina e caprina.*

O artigo 19 do Real decreto 368/2005, do 8 de abril, polo que se regula o control oficial do rendemento leiteiro para a avaliación xenética nas especies bovina, ovina e caprina, queda modificado como segue:

Un. O número 1 substitúese polo seguinte:

«1. A Administración xeral do Estado, a través dos seus orzamentos, poderá subvencionar os custos que xeren as actividades do control leiteiro oficial, con cargo

á aplicación orzamentaria que para cada exercicio se determine nos orzamentos xerais do Estado.

Estas axudas axústanse ao disposto no Regulamento (UE) n.º 702/2014 da Comisión, do 25 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda nos sectores agrícola e forestal e en zonas rurais compatibles co mercado interior, en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, publicado no *Diario Oficial de la Unión Europea* núm. 193, do 1 de xullo de 2014, páxinas 1 a 75.

As axudas concederanse a favor dos centros autonómicos de control leiteiro. As axudas só se concederán para actividades realizadas a partir da presentación da solicitude ante a autoridade competente. En todo caso, os custos subvencionables serán avalados por probas documentais claras, específicas e actualizadas. O imposto sobre o valor engadido (IVE) non será subvencionable, salvo cando non sexa recuperable para o beneficiario.»

Dous. O número 4 substitúese polo seguinte:

«4. A distribución territorial dos créditos consignados para o efecto nos orzamentos xerais do Estado a cargo do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente realizarase de acordo co previsto no artigo 86 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria. Na súa virtude, para cada exercicio establecerase, de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias e tendo en conta, de ser o caso, os remanentes a que se refire a regra sexta do número 2 do dito artigo, a cantidade máxima correspondente a cada comunidade autónoma.»

Tres. O número 7 substitúese polo seguinte:

«7. As comunidades autónomas, no ámbito das súas competencias, poderán completar a axuda procedente da Administración xeral do Estado, sempre que non se superen os límites establecidos no artigo 27.1.b) do Regulamento (UE) n.º 702/2014 da Comisión, do 25 de xuño de 2014. Estas axudas non se acumularán con ningunha axuda *de minimis* correspondente aos mesmos custos subvencionables se tal acumulación dá lugar a unha intensidade ou importe da axuda superior ao citado límite.

En todo caso, os titulares das explotacións gandeiras en que se leve a cabo o control leiteiro deberán cumprir os requisitos exixidos polos artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como os seguintes:

a) Ter a condición de peme, de acordo co establecido no anexo 1 do Regulamento (UE) n.º 702/2014 da Comisión, do 25 de xuño de 2014.

b) Non ter a consideración de empresa en crise, segundo se define nas directrices sobre axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas non financeiras en crise (Comunicación 2014/C 249/01 da Comisión, do 31 de xullo de 2014).

c) Non estaren os beneficiarios suxeitos a unha orde de recuperación pendente tras una decisión previa da Comisión que declarase unha axuda ilegal e incompatible co mercado interior.

d) Cumprir o resto de requisitos previstos no citado Regulamento (UE) n.º 702/2014 da Comisión, do 25 de xuño de 2014.»

Catro. Engádesse un novo número 10, co seguinte contido:

«10. O outorgamento das axudas reguladas neste real decreto queda condicionado a que se obteña o xustificante da Comisión Europea de que recibiu a información a que se refire o artigo 9.1 do Regulamento (UE) n.º 702/2014 da Comisión, do 25 de xuño de 2014.»

Disposición adicional única. *Contención do gasto.*

As medidas previstas neste real decreto atenderanse coas dispoñibilidades orzamentarias existentes en cada exercicio e non poderán supor incremento de dotacións, nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición transitoria única. *Aplicación.*

O disposto neste real decreto será de aplicación desde o 31 de decembro de 2014, salvo a disposición derradeira primeira.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 233/2002, do 1 de marzo, polo que se regula o recoñecemento das agrupacións de produtores de plantas vivas e produtos da floricultura e se establecen medidas de apoio á súa constitución e funcionamento.*

Quedan derogados os artigos 5, 6, 7 e 8 do Real decreto 233/2002, do 1 de marzo, polo que se regula o recoñecemento das agrupacións de produtores de plantas vivas e produtos da floricultura e se establecen medidas de apoio á súa constitución e funcionamento. Esta derogación non afectará as subvencións xa concedidas e que se encontren aínda en execución, ata a súa finalización.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», salvo a disposición derradeira primeira, que entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2016. Perderá a súa vixencia na data en que deixe de ser aplicable o Regulamento (UE) n.º 702/2014 da Comisión, do 25 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda nos sectores agrícola e forestal e en zonas rurais compatibles co mercado interior, en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.

Dado en Madrid o 29 de maio de 2015.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,
ISABEL GARCÍA TEJERINA